

<i>Logo do departamento</i>	IES de Mugardos. Departamento deLATÍN.....		ESO
	MATERIA	LATÍN	4.º ESO 2016 - 2017
	PROFESOR/A	RAFAEL LAGO	

CONTIDOS

	Unidade nº	Táboa unidades	Descrición
1ª avaliación	Nº1	Hércules	O indoeuropeo. O alfabeto latino. O marco xeográfico da civilización romana. O concepto de flexión. O caso nominativo Oracións atributivas. A etimoloxía. Locucións latinas.
	Nº 2	As Musas	A fundación de Roma. As oracións predicativas. O caso xenitivo e dativo. As desinencias verbais. Cultismos e termos patrimoniais. Locucións latinas.
	Nº 3	Seres mitolóxicos	A monarquía. As oracións transitivas e intransitivas. O acusativo. Presente de indicativo. O latín e as ciencias naturais. Locucións latinas
2ª avaliación	Nº 4	Orfeo	A República. 1ª e 2ª declinación. O infinitivo. O latín e a astronomía. Locucións latinas.
	Nº 5	Xasón	Xulio César. A Guerra das Galias. A 3ª declinación . As conxugacións. O latín e as matemáticas, física e química. Locucións latinas.
3ª avaliación	Nº 6	Panteón olímpico	Augusto. A Pax Augusta. O imperio. Pretérito imperfecto e futuro de indicativo. As preposicións. O latín e a medicina. Locucións latinas.
	Nº 7	Teseo	A familia, vivenda e vestido. Os adxectivos. Tempos de perfecto de indicativo. O latín e a historia e a xeografía. Locucións latinas.
	Nº 8	Prometeo	Os espectáculos. O dativo. A 4ª declinación. O participio de perfecto. O latín e a arte. Locucións latinas.
	Nº 9	Edipo	Os tempos de infectum da voz pasiva. A 5ª declinación. O latín e a música. Locucións latinas.
	Nº 10	Faetón	Os perfectos da voz pasiva. O latín e a filosofía. Locucións latinas

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A **avaliación final** será positiva cando a media das tres avaliacións resulte positiva.

*Avaliación extraordinaria. A avaliación extraordinaria constará dunha proba escrita sobre toda a materia . Será positiva a partir dunha cualificación de 5.

- Probas de recuperación. Non están contempladas as probas de recuperación. Se un alumno non acada os mínimos esixibles nunha avaliación terá que realizar tarefas de reforzo.
- Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas leves e 0,1 por faltas máis graves.
- Ausencia xustificada a unha proba escrita. O alumno terá que realizar unha proba de similares características ao día seguinte á súa incorporación.

- Se un alumno é sorprendido copiando durante a realización dunha proba escrita, se lle retirará o examen e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un 0.
- Perda do dereito á avaliación continua. Se un alumno perde o dereito á avaliación continua (12 faltas de asistencia sen xustificar) deberá presentarse a unha proba final onde terá que acadar un 5 para aprobar. O alumno poderá facer os exercicios e traballos propostos na clase, non obstante o seu traballo non terá ningún reflexo na cualificación final.

Criterios de cualificación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas orais e escritas	80%
Traballos	10%
Traballo na aula	10%
Cualificación total	10

A cualificación final será a media das cualificacións das tres avaliacións.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/Non

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

TIC

PROXECTOS/ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/PROGRAMAS...

Asistencia a unha representación dunha obra de teatro clásico